

Xoves, 12 de agosto de 2021

Núm. 154

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

GROVE, O

#### Contratos administrativos

*CONVOCATORIA DE ADXUDICACIÓN DE POSTO DE SURF 1 NA PRAIA DA LANZADA-  
ZONA SANATORIO*

### CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE SURF NA PRAIA DA LANZADA. POSTO 1 - ZONA SANATORIO.

*Expte: 1286/2021.*

#### ANUNCIO APERTURA DE PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co disposto no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de xullo de 2021 mediante o cal se acorda convocar nova licitación para o posto número 1 - zona sanatorio, conforme ao prego de condicións administrativas particulares (en adiante PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de maio de 2021, publícase o seguinte anuncio:

#### 1.—ENTIDADE

- a) Organismo: Concello do Grove
- b) Órgano competente: Xunta de Goberno Local.
- c) Dependencia que tramita o expediente: Departamento de Secretaría.
- d) Núm. Exp.: 1286/2021
- e) Dirección: Edificio Administrativo, Rúa Alcalde Xacobe Barral Otero, 3 (36980) O Grove  
— Pontevedra.
- f) Obtención de documentación e información:
  - Teléfono: 986730975
  - Correo electrónico: contratacion@concellodogrove.es
  - Taboleiro de Anuncios Electrónico: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal>
- g) Data límite obtención documentación e información: ata o momento en que finalice o prazo de presentación de instancias, de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 horas na dependencia que tramita o expediente.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: GJ87C8XOINVU8R2T



Xoves, 12 de agosto de 2021

Núm. 154

**2.—OBXETO**

a) Autorización administrativa demanial.

b) Obxecto: ocupación de dominio público para instalación de escola de surf na praia da Lanzada.

SERVIZO	EMPRAZAMENTO	SUPERFICIE DE OCUPACIÓN	CANON MÍNIMO POR TEMPADA
Posto de escola de surf	Praia da Lanzada-Zona Sanatorio	15 m2	3.000 euros.

Establécese a restrición consistente en que a adxudicación do posto será incompatible coa de calquera outro dos ofertados na mesma praia, co obxecto de promover a maior concorrencia posible.

**3.—TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO.**

a) Procedemento: Concorrencia competitiva.

b) Criterios de adxudicación: Os previstos no apartado 4 do cadro resumo do PCAP. En caso de empate procederase a sorteo.

**4.—REQUISITOS DOS INTERESADOS**

Poderán optar á adxudicación as persoas físicas e xurídicas que cumpran o establecino na cláusula terceira do PCAP.

**5.—PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

a) Prazo: quince días (15) días hábiles dende a data de publicación do presente anuncio no BOPPO.

b) Lugar de presentación: Rexistro municipal do Concello do Grove (Edificio Administrativo, Rúa Alcalde Xacobe Barral Otero, 3 (36980) O Grove – Pontevedra) ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas en horario de luns a venres dende as 9:00 ás 14:00 horas.

**9.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

A prevista na Os previstos no apartado 4 do cadro resumo do PCAP.

Consistirá en 2 sobres pechados, denominados “Sobre A” e “Sobre B”.

No exterior dos citados sobres deberá constar:

- Nome do contrato: (Adxudicación dos servizos de escola de surf na praia da Lanzada.
- Nome do licitador
- Indicación se se trata do sobre “A” ou “B”



Xoves, 12 de agosto de 2021

Núm. 154

*SOBRE A – Documentación*

Conterá:

- 1.- “ ANEXO I” de declaración responsable.
- 2.- O xustificante de depósito da fianza provisional.

*SOBRE B- Oferta*

Conterá:

- 1.- “ANEXO II”
- 2.- Os xustificantes das melloras que se ofrezan de acordo cos criterios de selección avaliáveis.

Desbotaranse as proposicións que inclúan no sobre “A” a documentación que corresponda ao sobre “B”.

Os restantes anuncios desta convocatoria serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello do Grove, no enderezo: <https://concellodegrove.sedelectronica.gal>

O Alcalde

Jose A Cacabelos Rico

Documento asinado dixitalmente.

